



NOVA DISTRIBUCIÓN NAS ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO

Informamos de que a partir do **luns, día 12 de setembro**, as entradas e saídas do alumnado do centro realizaranse polo portalón do patio, podendo acceder as familias ao interior do recinto, agás á zona reservada para o alumnado.

A organización que estaba prevista nun principio, pensada atendendo a **criterios organizativos, pedagóxicos e de seguridade** para o noso alumnado, coa que comezamos o primeiro día de clase, resultou non ser adecuada ao entrar e saír todo o alumnado á mesma hora e producirse unha importante aglomeración de persoas na zona de entrada do alumnado de 1º, 2º e 3º. Razón pola cal realizamos esta modificación que agardamos sexa máis adecuada e redunde en beneficio do noso alumnado.

A organización das **ENTRADAS** e **SAÍDAS** é a seguinte:

1. Desde o luns, día **12 de setembro** (incluído), todo o alumnado desde 4º de Educación infantil ata 6º de educación primaria, e familias que o desexen, **entrarán polo portalón do patio** (agás as familias e alumnado do período de adaptación que fará a entrada por administración ata o día 16 de setembro).
2. O portalón abrirase ás 8:50. **O alumnado é responsabilidade dos pais, nais ou titores legais ata as 9:00 horas** en que sea recollido polo profesorado.
3. O portalón pecharase ás 9:10, polo que rogamos que unha vez os nenos/as sexan recollidos polo profesorado **non demoren a saída do recinto escolar**.
4. O alumnado que chegue despois das 9:10 terá que agardar ás **9:30** horas a que se abra a porta de **conserxería** para acceder ao recinto escolar.
5. As familias **non** poden **invadir o espazo reservado para a formación de filas do alumnado**.
6. As familias do alumnado de educación infantil actuarán igual que o viñan facendo até o de agora, deixando e recollendo aos seus fillos/as na porta da aula que lle corresponde.
7. En canto ás **saídas**, todo o alumnado sairá polo mesmo sitio que entrou (portalón do patio) que se abrirá ás 13:50 horas e se pechará, como moi tarde, ás 14:10 horas. Pregamos que non demoren a saída do recinto escolar



- unha vez recollidos os seus fillos/s.
8. Ás **14:00 horas** cada grupo baixará co docente que lle corresponde e será entregado ás familias ou en quen deleguen previa autorización. Rogamos unha vez máis que as familias non invadan a zona de filas reservada ao alumnado.
 9. Os avisos, preguntas e recados ao profesorado non se poden facer no horario de entrada nin de saída. As familias deben de poñerse en contacto co profesorado a través das canles de comunicación establecidas (AbalarMóbil, mensaxería E-dixgal, titoría, nota...).
 10. Cómpre recordar que, **a partir das 14:00 horas, a responsabilidade do alumnado é dos pais, nais ou titores legais.**
 11. Prégase **puntualidade** tanto nas entradas como nas saídas.
 12. O alumnado que asista a **actividades extraescolares** seguirá entrando e saíndo por **conserxería** onde será recollido e entregado polos monitores/as das actividades.

Rosa M. Mosteiro Neira

Dirección

Na Coruña, a 9 de setembro de 2022.